

ENQUANTO HÁ FORÇA

Impostos, demagogia e voitres

BÚCARO DE VIOLETAS

A lingua de Rosalía



XOSÉ A. GACINO

Para decepción dos neoliberais españois, que esperaban contar co exemplo de Alemaña para seguir acosando a Rodríguez Zapatero a conta dos impostos, a líder democristiá Angela Merkel, despois de gañar as eleccións coa promesa de rebaixar os impostos entre 2011 e 2012, agora matiza que a rebaixa se levará a cabo “se as circunstancias o permiten”. A verdade é que non debeu de coller por sorpresa os seus electores, porque, segundo enquisas feitas durante a campaña electoral, o 81 por cento dos alemáns estaban convencidos de que, despois das eleccións do pasado 27 de setembro, os impostos ían subir, gañase quen gañase nas urnas.

Entre os países máis desenvolvidos que nos serven de referencia, non hai exemplos claros de restrición fiscais para contrapoñer ás subidas de impostos previstas no proxecto de lei dos presupostos xerais do Estado para 2010. Tendo en conta que, na última reunión do G-20, seguiron aprazando a tan cacarexada reforma do sistema financeiro, mantendo as axudas aos bancos incapaces de resolver por si mesmos os problemas que eles provocaron, ningún país pode arriscarse a diminuír aínda máis os seus fondos, xa mingoados polos gastos sociais e polos estímulos fiscais a banqueiros e empresarios que, po-



CHICO MIRÁS

O 81% dos alemáns estaban convencidos de que, tras as eleccións do 27 de setembro, os impostos ían subir, gañase quen gañase

lo menos en España, parecen un tanto remisos a practicar o seu oficio supostamente emprendedor.

Para manter o tipo e disimular as contradicións, hai quen inventa fórmulas con aparencia novidosa, mesmo con certo verniz ecoloxista: o goberno conservador francés, por exemplo, converte unha simple subida das taxas que gravan os carburantes nun novo imposto so-

bre a emisión de dióxido de carbono á atmosfera. En Italia, de acordo co estilo berlusconiano de utilizar a maioría parlamentaria para branquear as súas contas pendentes coa xustiza, o procedemento é unha xenerosa amnistía para todo tipo de delitos fiscais, incluídas as falsificacións de contabilidades ou a evasión de capitais, e garantindo o anonimato, sen importar que o diñeiro oculto proveña do narcotráfico ou servira para financiar o terrorismo.

Pode que os momentos de crise non sexan os máis apropiados para subir impostos, como din os que queren ver reducido o Estado practicamente só ao exército e á policía (reciclada, claro, porque agora lles parece que está moi manexada polos socialistas), pero tampouco parecen os máis axeitados para

baixalos e agravar o déficit público. E hai exemplos dabondo para ilustralo, entre gobernos de diferentes matices políticos: a inmensa maioría dos gobernos, máis á esquerda ou máis á dereita, están a afrontar a crise con medidas moi semellantes, punto máis ou punto menos en tal ou cal partida.

Claro que, cando se está na oposición, calquera pretexto se considera válido para descualificar o goberno e non cabe dúbida de que unha batalla tan desigual como a que se está a librar contra esta complicada e caótica recesión económica proporciona moitos pretextos a unha oposición xa curtida na manipulación demagóxica. As limitacións coas que o Goberno acomete os reaxustes fiscais, sen tocar os mecanismos que permiten ás grandes fortunas eludir a carga impositiva que debería corresponderlles en boa lóxica, fai recaer o peso da subida nas rendas medias asalariadas, é dicir, nos únicos que non dispoñen de trucos para camuflarse.

Eses gastos sociais, ademais, obrigan a recortar investimentos en investigación e infraestructuras, provocando dúbidas sobre o verdadeiro alcance dos proxectos de economía sostíbel. E todo iso pendente de negociar con outros grupos para chegar á maioría necesaria.

Se o Goberno sae desta, pode que cobre folgos suficientes para esixir compromisos a eses poderosos que contemplan impasíbeis o espectáculo, como voitres seguros de que, ao remate, sempre terán prea para alimentarse. ●



MANUEL XOSÉ NEIRA

Rosalía falaba nun idioma moi do pobo, inzado de castelanismos, pero dútil. A lingua de Rosalía era a mellor para non discutir máis sobre o idioma. É un idioma ríspito, doce, rexo, baril coma a xistra, coma a maruxía, o nordés... A lingua de Belén Esteban é leporina. Ou sexa, de lebre.

Como mellor se levan as cousas na vida inzada de problemas, dificultades, contrasentidos e demais é con ironía. A ironía sutil. Que se practica nos círculos máis intelectualizados de Cataluña.

Anda un bo escritor, distante, apoucado e fascinado ou atormentado pola Guerra Civil e os nenos que é Luis Mateo Díez. Ten unha moi boa novela: *La fuente de la edad*. É leonés, non podía ser doutro xeito.

O neno é un ser complexo: entre un monstruño e un ceo de persoa. Sábeo o pintor Quique Bordell que fala na súa ar-

Como mellor se levan as cousas na vida inzada de problemas e demais é con ironía

te dos tolos, dos meniños. A arte bruta de Dubuffet, etc. Luis Mateo Díez é moi bo autor. Eu pirateo algo, o que é pirateábel: di un grupo de Cataluña, musical: *Bailando como Maradona*. Pirateáese o que se pode ou debe piratear.

Fóiseme o santo ao ceo. Eu sempre vin en León a traizón. É que son traidores ao reino de Galiza. Ao antigo reino de Galiza. Desbotaron o riquísimo Noroeste, por Castela. Eu chamo a don Antonio Gamoneda, San Antonio. Pero veñen outros e non ten graza.

Igual que nun plus de creatividade que hai que exercer se di: “El amor es sentir mariposas en el estómago”. E non ten graza. Semellan gases de nardo esas bolboretas. Un abandeirado da ironía, uns abandeirados da ironía sutil son os círculos intelectuais de Compostela. Con iso, coa saga dos Moralejo á cabeza. Porque son unha etnia, unha raza, un conto fabuloso os Moralejo, creo. E este Baltar. ●

O SAL DA TERRA

Alan Deyermond



JOAQUIM VENTURA

lebrado en Valladolid hai dúas semanas –ao cal Alan tiña previsto asistir en toda a súa extensión, como cada dous anos– cando ao día seguinte da clausura coñecemos a súa morte.

Alén da súa persoa, da cal ben logo vou falar, para moitos –xa digo– o ‘Deyermond’ era a pista de aterraxe na literatura medieval hispánica, nun senso concreto e crítico asemade. A cousa produciuse por un encargo de Francisco Rico a diversos profesores non españois para artellar unha historia da literatura española. A Deyermond correspondeulle a Idade Media.

Malia o calificativo de española, tratábase da literatura na corte e na sociedade castelás en extenso, polo cal incorporaba a lírica galego-portuguesa e excluía –con bo criterio– a literatura medieval catalá. Mais es-

Alén da súa persoa, para moitos –xa digo– o ‘Deyermond’ era a pista de aterraxe na literatura medieval hispánica

ta circunstancia, estritamente editorial, non supuña falla de interese cara a esta por parte de Alan Deyermond. Ben ao contrario: a mellor conferencia que ouvín na miña vida sobre Ausiàs March ditouna el nun congreso da AHLM. E non se cortaba nada cando afirmaba que, sen dúbida, o poeta valenciano foi o mellor autor lírico europeo do século XV. Mais alén da erudición e do

interese por todo, Alan Deyermond soubo gañar o corazón dos que o coñecemos pola súa xenerosidade, pola súa amabilidade, pola súa simpatía e pola súa sinxeleza. Nos debates nunca pretendía saber máis ca ninguén. E alén, nunca foi refractario –como tantos hai que só saben da literatura de cadansúa terra– ás outras literaturas hispánicas non castelás. Nin tampouco estaba ausente do mundo: militante do partido liberal (de pagamento de cota esquecido, dicía el), declarábase abertamente contrario á intervención británica na guerra do Iraq.

Nunca tivo un non para ninguén que o fose visitar ao seu Westfield College en Londres. Mais tamén ensinaba a necesidade da precisión, do rigor, do coñecemento detallado da documentación e da bibliografía. Un mestre, en suma. ●

Hai persoas que, sen que un saiba por que (ben, si que o sabemos mais non sempre nos decatamos), fican metidas nas nosas vidas. Pode ser unha amable intrusión quer por un libro –sucedeume con Cunqueiro, antes de pensar en facer filoloxía galega–, quer pola súa personalidade. Ambas as dúas cousas sucedéronnos a moitos, eu entre eles, verbo de Alan Deyermond.

De feito, poido imaxinar a cara de estupefacción dos asistentes ao último congreso da Asociación Hispánica de Literatura Medieval, ce-